

UD 7. DA IDADE MODERNA Á IDADE CONTEMPORÁNEA.

1. INTRODUCCIÓN: A IDADE MODERNA.

A Idade Moderna é o período histórico comprendido entre os séculos XV e XVIII. A data de inicio máis aceptada é a toma de Constantinopla polos turcos (1453). O seu final está marcado pola Revolución Francesa (1789).

Dentro da Idade Moderna adóitase establecer, á vez, varios subperíodos con trazos máis ou menos homoxéneos: o século XVI, ou época do Renacemento; o século XVII, ou época do Barroco; o século XVIII, ou época da Ilustración e o Absolutismo.

A Transición: os cambios dos séculos XV e XVI.

Dende mediados do século XV e durante o século XVI, producíronse en Europa transformacións que afectaron a todos os ámbitos da vida.

- O panorama internacional cambiou debido a unha serie de acontecementos significativos:

-A **desaparición do Imperio Bizantino**, tras a toma de Constantinopla polos turcos en 1453, incrementouse a ameaza musulmá sobre a cristiandade occidental.

-Os **descubrimentos xeográficos** de portugueses e casteláns en África, América e Asia ampliaron o mundo coñecido polos europeos. Grazas a eles, algúns países, como España e Portugal, crearon extensos imperios cuxas riquezas estimularon o comercio mundial.

- O **sistema feudal entrou en crise**. Así, os reinos feudais foron substituídos polo Estado moderno e as monarquías autoritarias; a economía feudal, centrada na posesión da terra, deu paso ao capitalismo comercial, baseado na obtención de grandes capitais a través do comercio coas colonias; e a burguesía adquiriu importancia dentro da sociedade estamental.
- A **ruptura da unidade relixiosa do occidente europeo** provocada pola Reforma protestante, orixinou graves conflitos armados coñecidos como "Guerras de Relixión."
- A cultura medieval foi substituída por unha nova mentalidade, o **humanismo**, que centrou a súa atención no ser humano e orixinou un novo estilo artístico: o Renacemento.

2. OS DESCUBRIMENTOS XEOGRÁFICOS E A REVOLUCIÓN DO COMERCIO INTERNACIONAL.

Ao longo do s. XVI Europa experimentou unha serie de grandes transformacións que modificaron notablemente as súas fronteiras, o seu coñecemento do mundo e as súas crenzas. Os descubrimentos forman parte destas transformacións.

Entre as causas que explican a ansia por buscar novas rutas están:

- Dende a conquista de Constantinopla polos turcos (1453) o comercio polo Mediterráneo volvérase moi perigoso.
- A búsqueda de materias primas, produtos de luxo e metais preciosos para comerciar.
- A renovación científica e técnica (xeralización do astrolabio, naos, carabelas, portulanos...).

O resultado deste contexto sería:

- Tras o Tratado de Alcáçovas (s.XV) os portugueses gañaran o dereito a percorrer as cosas africanas cara o sur e Vasco de Gama chega á India (1498). Serán os inicios do gran imperio portugués.
- Castelá emprendería a búsqueda cara ese territorio cara o oeste. Tras varios intentos, Cristobal Colón logra que se acepte e financie a viaxe o reino de Castela (Reis Católicos). Chega a América en 1492. Será o inicio do gran imperio hispánico.
- Os mariños Fernando de Magalhaes e Juan Sebastián Elcano, ao servizo da Coroa de Castela realizan a primeira volta ao mundo.

Cos descubrimentos xeográficos **augmentou o comercio exterior** durante a Idade Moderna, que reportará grandes beneficios ás Coroas e á burguesía europea, creando redes de intercambio a escala continental. Cidades coma Londres, Sevilla ou Amsterdam destacarán neste eido. Desenvólvese o chamado **Comercio Triangular**, entre os continentes americano (materias primas), africano (escravos) e europeo (manufacturas).

3. AS CRISES RELIXIOSAS:

A Igrexa católica mantivérase ao longo da Idade Media nunha posición hexemónica fronte a calquera outra disidencia ou opinión contraria ao seus dogmas. Ao ser considerada coma unha institución intermediaria ente Deus e a Humanidade, convertiuse nun poderoso grupo privilexiado, propietario de grandísimas fortunas, temido e respetado á vez.

Esta posición de poder absoluto é criticada por unha minoría intelectual dos séculos XV-XVI, os **humanistas**, defendendo unha interpretación relixiosa máis libre e persoal. Esta postura, que non buscaba unha ruptura co papado de Roma, estaba representada por figuras como **Erasmus de Rotterdam**.

En 1517, **Martín Lutero**, con formación humanista e vendo a hipocresía da Igrexa de Roma (luxos, venda de bulas, etc) publica as "95 Teses" onde fai unha crítica directa ao papado de Roma. Isto inicia a **Reforma protestante** pois Lutero quería que a Igrexa se reformase profundamente, fose máis cercana aos fieis e máis austeras.

O papa pídelle que se retracte pero Lutero xunta cos seus seguidores dan inicio a unha nova variante do cristianismo. Os príncipes e moita poboación alemá e nórdica apoiaron a Lutero e comezan a desenvolver "Igrexas nacionais". Pronto toda a área xermana estaba inmersa en guerras (as guerras de relixión) que se expandiron.

Un dos motivos polos que triunfou a Reforma protestante ou luterana foi a sinxeleza da súa mensaxe:

- Xustificación pola fe (para salvar a alma só é necesario crer en Deus).
- Rexeitamento da idolatría e a adoracións aos santos.

- Pódese facer unha lectura persoal e intimista da Biblia (os católicos só permitían a versión en latín interpretada por sacerdotes) polo que comezan a publicarse traducións en alemán.

Tamén se deron motivos económicos e políticos, pois se se separaban da Igrexa de Roma non tiñan que pagarlle rentas, non tiñan que respetar os cargos eclesiásticos, etc.

Como resposta á Reforma protestante, os católicos inician a **Contrarreforma**. Iníciase co Concilio de Trento (1545) e o obxectivo era **parar a expansión dos protestantes e afianzar aos fieles católicos**. Entre outras medidas estaban: só a Igrexa podía interpretar a Biblia e calquera disidencia era castigada, recoñecemento da autoridade do Papa, a alma non só se salva pola fe senón que son necesarias boas obras (limosna, non pecar...), os sacerdotes se formarían en seminarios, se distribuirán catecismos para adoctrinar aos rapaces, creación de Tribunais da Inquisición...

4. A SOCIEDADE DO ANTIGO RÉXIME (s. XVI-XVIII)

A sociedade caracterizouse durante a Idade Moderna por seguir sendo **estamental**. Nela os grupos privilexiados, nobreza e clero, posuían a maior parte das terras e ocupaban os postos dirixentes da Corte, constituíndo un poderoso grupo social, oposto a calquera reforma que puxese en perigo os seus privilexios e dominando o exército e a administración. Pola súa parte, a **pequena nobreza** viu mermados os seus recursos económicos, polo que moitos deles engrosaron as filas da Administración do Estado, ou ben emigraron cara o continente americano para buscar fama e fortuna.

A maioría da poboación (entre os oito e nove millóns de habitantes) vivía no **campo**. Traballaban as terras dos nobres e da Igrexa en duras condición. Caracterizábanse pola súa miseria, analfabetismo e por estar sometidos aos abusos dos señores. Ante as crises, gran parte da poboación atopou na Igrexa unha solución á fame e ás escasas oportunidades de ascenso social, por iso moitas persoas entraron a formar parte de mosteiros e convento, como aconteceu en España e Portugal.

Continuaban existindo os **gremios** e o comercio, grazas aos descubrimentos xeográficos, creceu; diversificou as súas rutas e incorporou novos produtos procedentes de América: tabaco, madeiras, café, etc. Ademais, a importancia do comercio atlántico favoreceu os portos de Lisboa, Sevilla e o mar do Norte, fronte ao comercio mediterráneo centrado nos portos italianos.

Os **sistema económico capitalista** comezou a desenvolverse: apareceron os primeiros bancos, oficiais (Taula de Canvi de Barcelona, Casa de San Giorgio de Xénova) e privados (Fugger, Médici); aumentou a circulación de moeda; simplificáronse as operacións mercantís e bancarias (cheques, letras de cambio, contabilidade por partida dobre) e fundáronse as primeiras sociedades comerciais.

As **epidemias**, principalmente a peste, afectaron tanto ao campo como , maiormente á cidade onde a poboación se aglomeraba en barrios estreitos e sen as máis mínimas condición de hixiene. Como resultado, a esperanza de vida non superaba os 50 anos e a taxa de mortalidade era moi elevada.

A **burguesía** constituía un sector social moi importante en países como Holanda ou Inglaterra grazas ao comercio e a un sistema político parlamentario. Na península Ibérica sen embargo tiña escasa importancia, adicábase ao mundo dos negocios, a dirección dos talleres artesanais e a vida política nas cidades, pero a maior parte procuraba ennobrecese e abandonaba a xestión empresarial. Este fenómeno era coñecido como **“traición da burguesía”**.

A **Igrexa** mantivo a súa forte influencia nos países católicos, constituíndose en defensora da pureza da fe católica mediante o Tribunal da Inquisición. Onde permancían minorías étnicas como conversos ou mouriscos e xudeos emprendeuse unha terrorífica persecución. No imperio hispánico expulsouse aos xudeus en 1492 e aos mouriscos no s.

XVII. Era necesario constatar a “pureza de sangue” católica para acceder a postos administrativos, ou entrar en determinados grupos sociais.

5. DO HUMANISMO Á ILUSTRACIÓN.

O Humanismo (s. XVI)

Xa a finais do século XIV xurdira un movemento intelectual centrado na revalorización da antigüidade clásica en tódolos aspectos (arte, literatura, filosofía...). Con isto pretendíase revisar as bases intelectuais do mundo medieval, é dicir deixábase de lado basear a explicacións sobre o mundo no cristianismo e comeza a valorarse a investigación, a obxectividade, a experiencia, etc. Este movemento intelectual é coñecido como **Humanismo**.

A partir do s. XV e XVII nace a **ciencia moderna**, que emprega o método científico. Este está baseado en: observación empírica dos feitos, explicación hipotética dos fenómenos observados, comprobación das hipótesis e creación de teorías explicativas.

A ilustración

Principios como **liberdade**, **igualdade**, ou **dereitos civís** semellan hoxe en día non soamente incuestionables, senón tamén irrenunciabes. Porén, isto non era así no Antigo Réxime, e será a partir do século XVIII cando unha serie de pensadores comezan a difundir estes principios como base da sociedade, formando o que se denomina a **Ilustración**.

O impacto destas ideas foi tal, que serviu tanto a monarcas que querían modernizar os seus reinos sen renunciar ao absolutismo (**despotismo ilustrado**) como ao **liberalismo** que, a partir da Revolución Francesa e ao longo do s. XIX, rematará co Antigo Réxime.

Entre os **principios** da Ilustración destacan os seguintes:

- Uso da **razón** como fonte de todo o coñecemento. O século XVIII foi coñecido como o *Século das Luces*.
- Confianza no **progreso** constante da humanidade, que debe conducir á **felicidade**.
- Fomento da **educación** como medio de conseguir o progreso.
- Entre os **medios de difusión** característicos da Ilustración podemos sinalar:
- A *Enciclopedia* promovida polos franceses **Diderot** e **D'Alembert**, que pretendía compilar e difundir os logros do saber adquiridos pola aplicación da razón.
- Salóns e faladoiros, vencellados á elite social do século XVIII e nos que atoparon oco os postulados ilustrados. Destacan os salóns promovidos por mulleres da aristocracia como a francesa **Tencin** ou a inglesa **Montagu**.
- Academias: institucións creadas polos monarcas coa finalidade de potenciar unha determinada actividade cultural (Academia de Belas Artes de San Fernando, Real Academia Española, etc...).

Entre os principais representantes da Ilustración podemos sinalar a **Locke**, **Kant**, **Montesquieu**, **Voltaire** ou **Rousseau**. Tamén neste momento empezan a oírse voces de mulleres reclamando os mesmos dereitos, como **Madame de La Fayette** ou **Olympe de Gouges**.

A revolución científica

A evolución do Antigo Réxime ao longo de tres centurias, do século XVI ao XVIII, vai ir acompañada dunha **revolución científica** que supuxo a maioría de idade da ciencia como coñecemento, independizada cada vez máis da fe e da tradición.

Aínda que é imposible establecer un punto de partida concreto para o que chamamos "a revolución científica", adoita usarse como referencia a publicación en 1543 da obra de Copérnico *De revolutionibus*. Do mesmo xeito, a obra *Principia*, de Newton, publicada en 1687, marca a súa fin. Desta época son algúns científicos como Francis **Bacon**, Johannes **Kepler** ou **Galileo Galilei**.

No século XVIII, como consecuencia da revolución científica dos séculos anteriores e do pensamento ilustrado, a ciencia e as viaxes de exploración (como as levadas a cabo polo británico James **Cook**) experimentaron un grande auxe, con **descubrimentos** e **avances técnicos** que cambiaron para sempre a vida das persoas. Entre os científicos máis destacados do século XVIII, podemos mencionar os seguintes: Anders **Celsius**, Gabriel **Fahrenheit**, Benjamin **Franklin** ou o matrimonio formado por Marie e Antoine **Lavoisier**.

6. O AFIANZAMENTO DO PODER REAL: DO ESTADO MODERNO AO DESPOTISMO ILUSTRADO

O Estado Moderno

Durante a Idade Moderna, as monarquías feudais europeas transformáronse en **monarquías autoritarias**. Nelas, o rei reforzou o seu poder sobre o conxunto do reino, ao impoñerse sobre a nobreza e limitar a autonomía dos municipios. Esta nova forma de organización do Estado recibe o nome de **Estado moderno**.

Os reis empregaron distintos instrumentos para reforzar o seu poder:

- **A unificación territorial.** Unificaron o territorio dos seus estados e, nalgúns casos, ampliárono mediante guerras ou alianzas matrimoniais.
- **O control dos poderes do Estado.** Impuxéronse sobre a alta nobreza; limitaron a autonomía dos municipios, intervindo no nomeamento dos cargos, e convocaron as Cortes o menos posible.
- **A mellora da administración.** Para conseguila, fixaron a corte nunha cidade, que se converteu na capital do estado; crearon unha burocracia de funcionarios profesionais, que executaban as súas ordes; e establaceron impostos ordinarios, que lles proporcionaban ingresos regulares sen recorrer ás Cortes.
- **A creación dun exército permanente.** Substituíron as mesnadas ou tropas feudais, que só se reunían en tempos de guerra, por un exército permanente formado basicamente por mercenarios a soldo.
- **A organización das relacións internacionais.** Estableceron relacións diplomáticas con outros países. Esta diplomacia estaba constituída por embaixadores permanentes, encargados de defender os intereses da monarquía e de resolver pacíficamente os conflitos; e por embaixadores temporais, enviados para concertar alianzas e tratados.

O absolutismo

A medida que o poder real se afianza e centraliza xurde o absolutismo (s. XVII). A estrutura política do Antigo Réxime caracterízase pola **soberanía real** e pola **xustificación do poder absoluto das monarquías na súa orixe divina**: os monarcas son os representantes de Deus na terra e de aí deriva que os seus súbditos teñan que acatar a súa autoridade e obedecer os seus mandatos. Segundo esta teoría, non hai límite ao poder da Coroa.

Ademais, a teoría sobre a orixe divina do poder real enlaza tamén co grande **protagonismo do clero na política**, clave para entender as estruturas do Antigo Réxime e que supón un factor de continuidade cos séculos medievais.

O inmenso **pazo de Versalles** vaise configurando ao longo do reinado de Luís XIV como o eixo da vida política francesa e auténtico símbolo do absolutismo.

A primeira reacción contra o absolutismo: o parlamentarismo inglés.

Inglaterra convertiuse no primeiro país onde o ríxido sistema social e políticos do Antigo réxime entrou en crise, cando no s. XVII a ascendente burguesía conseguiu imponer os seus postulados políticos e implantar un novo modelo de monarquía máis acorde cos seus intereses: a monarquía parlamentaria.

Este proceso tivo lugar no transcurso duha Revolución que enfrontou durante máis de corenta anos (1640-89) aos defensores da monarquía absoluta (nobreza, Igrexa anglicana e alta burguesía mercantil) contra os partidarios dun poder real limitado por un Parlamento (pequena burguesía e propietarios agrícolas). A cuestión era que a burguesía quería ter participación política e que o seu papel na sociedade non se limitase ao pago de impostos. Pero ao mesmo tempo a revolución abriu o camiño para que se escoitasen as reivindicacións de sectores inferiores.

O resultado foi:

- A implantación da primeira **monarquía parlamentaria**.
- O establecemento da **superioridade da lei**.
- **A separación de poderes**: executivo (rei), legislativo (Parlamento) e xudicial (xuíces).

O despotismo ilustrado

Denomínase **despotismo ilustrado** á adaptación das monarquías europeas ás novas ideas da Ilustración.

Unha boa parte das monarquías europeas do século XVIII foron conscientes da necesidade de modernizar os seus Estados. Así, tentaron adaptar as ideas de **razón, educación e progreso**, características dos autores ilustrados, pero sen transformar a estrutura política do Antigo Réxime; é dicir, mantendo o absolutismo. A frase que sintetiza o despotismo ilustrado **"Todo para o pobo, pero sen o pobo"** resume á perfección o carácter contradictorio desta tendencia política.

Como **representantes** do despotismo ilustrado podemos sinalar a Federico II de Prusia, Carlos III de España, Luís XVI de Francia ou Catarina a Grande de Rusia. As **medidas** que levaron a cabo durante os seus reinados buscaron a modernización: creación de escolas, hospitais e centros de investigación; fomento de infraestruturas e obras públicas (estradas, portos, sistemas de abastecemento); introdución de melloras na agricultura e na produción artesanal, etc.

7. O IMPERIO HISPÁNICO (S. XVI – XVIII)

O esplendor do imperio: os Austrias maiores.

A construción do Imperio hispánico comezou cos Reis Católicos, con eles naceu o Estado Moderno nas súas posesións. Carlos I, neto dos Reis Católicos, herdou gran cantidade de territorios e consolidouse como o soberano máis poderoso de Europa. Sen embargo o seu reinado estivo cheo de conflitos: sublevacións na península Ibérica pola cantidade de impostos para pagar campañas europeas, guerras con Francia, guerra contra os protestantes.

Felipe II mantivo o obxectivo de manter a hexemonía europea e a unidade católica nos seus reinos. Durante o seu reinado desenvolveu procesos inquisitoriais de persecución a outras relixións, enfrontamentos contra os turcos e afrontar a independencia dos Países Baixos (1566-1648).

A decadencia do imperio: os Austrias menores.

A crise do imperio se desenvolveu durante os reinados de Felipe III, Felipe IV e Carlos II. Ao longo dos seus reinados o imperio entrou en decadencia por varias causas:

- Os monarcas entregáronlle o mando do reino aos validos (xeralmente membros da nobreza que asumían o mando e responsabilidades reais).
- O descenso demográfico provocado por diversas guerras, epidemias, a emigración cara América...
- O esgotamento financeiro pola gran duración das guerras e por unha Corte incompetente e corrupta que non sabe administrar as riquezas en beneficio do imperio.

O reformismo borbónico:

Cando Carlos II morreu sen descendencia comezou unha guerra polo trono hispánico. O Tratado de Utrecht (1713) puxo punto e final ao conflito sucesorio, e o trono pasou a unha dinastía francesa: os Borbóns.

A instalación dos Borbóns con **Felipe V** (1700-46) supuxo importantes transformacións. Por unha banda, os territorios da Coroa de Aragón que apoiaran á candidatura dos Austrias durante a guerra perderon autonomía cos Decretos de Nova Planta, que deixaban patente a vontade centralizadora da nova dinastía.

Con **Fernando VI** (1746-59) e **Carlos III** (1759-88) puxéronse en marcha unha serie de reformas inspiradas no **despotismo ilustrado**, vixente en Europa, que pretendía modernizar as estruturas do país, aínda que sen modificar os privilexios dos grupos dominantes nin o poder absoluto dos monarcas. Houbo reformas no campo do ensino, agricultura, comercio, industria, comunicacións...e todos estes cambios permitiron certa recuperación económica da centuria anterior e incrementar a poboación, superando os 11 millóns no s. XVIII.